

Mellorar os salarios, blindar as pensións



**A CIG demanda blindar por lei a
actualización anual vinculada ao IPC**

As pensións públicas, tras a aprobación da Lei 21/2021, revalorízanse cada ano en función da inflación. Esta reforma derrogou o impacto negativo introducido polo PP co "Índice de Revalorización das Pensións" (IRP) de 2013, que limitaba o aumento ao 0,25% en situacións de déficit, e recuperou o poder adquisitivo como un dereito recoñecido por lei.

A lei establece un mecanismo baseado no IPC medio interanual, calculado coa variación media dos prezos entre decembro do ano anterior e novembro do ano en curso. Cada ano é preceptivo que o goberno aprobe unha norma para executar esa suba vinculada aos prezos mais a suba está garantida pola actual redacción da Lei da Seguridade Social. Con todo, esa garantía só depende da aritmética parlamentaria. Unha maioría favorable a recortar as pensións só tería que mudar a Lei para volver a unha política de empobrecemento das persoas xubiladas e pensionistas. De aí que a CIG defenda unha blindaxe total e permanente que garanta que a vinculación do prezo da vida e as contías das pensións non estea en cuestión.

A polémica segue: as presións dos voires financeiros non cesan

Hai máis de trinta anos que a cobiza das **grandes corporacións financeiras**, coa axuda dos partidos políticos afíns a eses conglomerados e dos medios de comunicación que serven a eses mesmos intereses, levan adiante unha **batalla de desgaste contra as pensións públicas**, buscando mudar o sistema e promovendo os plans de pensións privados.

Os medios de comunicación fixérono e fano sementando dúbidas sobre o futuro das pensións ou mesmo anunciando apocalipticamente a súa fin. Os diferentes gobernos, con maior ou menor intensidade, promoveron reformas no sistema de pensións que non fixeron máis que endurecer as condicións de acceso a unha pensión digna (maior número de anos para o cálculo da pensión, ampliación da idade de xubilación até os 67 anos...) ou incentivando a prolongación da vida laboral coa "recompensa" dun incremento da pensión.

Os titulares dos anos 80 e 90 xa anunciaban a fin do sistema de pensións. As reformas que se foron executando e o "consenso político" do Pacto de Toledo

construíronse sobre o medo que nos inoculaban.

O discurso actual é idéntico, agora tinxido dunha sorte de **loita interxeracional (boomers contra millenials)**, que non é nin máis nin menos que un novo intento de **evitar falar de loita de clases e de buscar un inimigo** (pensionistas que acceden en mellores condicións á xubilación do que se agarda para as novas xeracións ou que mesmo teñen incrementos salariais por riba do persoal asalariado en activo).

Esta nova "polémica" non é inocente: parte do principio de que **a clase traballadora non debe loitar unida polos seus dereitos** (é máis, que non debe sentirse parte desa clase) e para iso non hai mellor táctica que mantela desunida, nun **proceso de hiperindividualización** no que estamos instalados como sociedade. O novo recurso do capital é buscar o enfrontamento entre as xeracións que xa non están en activo coas novas xeracións que acceden a un mercado laboral con baixas

El sistema de pensiones actual no soportará el tránsito al nuevo siglo

Diversos informes privados insisten en señalar las dificultades de pervivencia de los mecanismos vigentes si no se abordan con urgencia cambios a fondo

La Vanguardia, 7 de outubro de 1995

expectativas laborais (peores condicións de acceso á vivenda, o incremento da vida activa, as peores condicións laborais...) e de cara a unha futura xubilación (o sistema crebará e non haberá pensións para todos).

Non debemos caer na trampa: quen está en activo debe defender os seus dereitos, entre os que está unha xubilación digna ao final dunha vida laboral que non se debe estender tanto para o que hai implicarse na defensa e mellora do actual sistema público de pensións; quen está xubilado debe defender a mellora das condicións laborais e salariais porque unha maior estabilidade e unha mellor calidade de vida é tamén un seguro para unha xubilación sen atrancos. Preocuparse como profesorado

en activo do futuro das nosas pensións e das condicións de vida das persoas xubiladas; implicarse como actuais xubilados na defensa dos dereitos laborais: a **solidariedade interxeracional fronte ao individualismo, a unión de quen somos unha única clase, a traballadora.**

ABC
SEVILLA, MIERCOLES 26 DE OCTUBRE DE 1983


Advertencia de la OIT

EL FUTURO DE LOS JUBILADOS
ESTA EN PELIGRO

A maioría do profesorado galego está xa baixo os recortes da reforma das pensións

Por primeira vez tamén é superior no colectivo de funcionariado de carreira

● Clases Pasivas ● Réxime Xeral



Cun Réxime Especial de Clases Pasivas (RCP), declarado a extinguir desde o ano 2011, **a maioría do corpo docente galego xa se ve afectado directamente polo actual marco legislativo do sistema de pensións**, con peores condicións das que existían con anterioridade. A esta reforma deulle o golpe de graza o goberno do PSOE presidido por Zapatero, precedido polos pactos coa patronal e con CCOO e UGT, no que foi unha das máis traumáticas reformas das pensións das últimas décadas e contra a que a CIG se enfrontou en solitario, promovendo unha folga xeral en Galiza.

Desde hai anos veuse conformando unha maioría do profesorado, computando funcionariado de carreira e interino, que xa non pertence ao Réxime de Clases Pasivas senón ao Réxime Xeral da Seguridade Social (RXSS), ao entraren nel directamente todas as persoas que aprobaron as oposicións desde 2011. Xa desde hai dous cursos, tendo en conta o profesorado interino, era maioría o que pertencía ao Réxime Xeral.

Como afecta a reforma das pensións do Réxime Xeral pactada por CCOO e UGT?

- Xubilación ordinaria con 67 anos no 2027 (antes 65)
- 100% da pensión con 37 anos cotizados (antes 35)
- Cálculo da pensión cos 25 últimos anos cotizados (antes 15)
- Endurecemento das condicións da xubilación anticipada
- Peores condicións no acceso á xubilación por incapacidade permanente total

Isto é así porque a diminución do profesorado do Réxime de Clases Pasivas é unha constante. **Cada ano que pasa véñse reducindo unha media superior ao 5% de docentes de Clases Pasivas sobre o total de docentes.** A práctica totalidade de quen se xubila pertence a Clases Pasiva e a totalidade do relevo entra no RXSS. Neste ano 2026 **a cifra de docentes do RCP supera lixeiramente os 14.000.** Se comparamos cifras só entre funcionariado de carreira, no presente curso xa é maioría, por vez primeira, **o colectivo docente do réxime xeral, chegando ao 53%.**

Por unhas pensións públicas dignas e garantidas

O novo sistema, un lastre nas contas da Consellaría que implica maiores recortes no profesorado

Existe outra consecuencia moi importante dos cambios provocados pola reforma das pensións. A perda de funcionariado de Clases Pasivas e a súa substitución por profesorado do Réxime Xeral implica unha **maior carga económica para as arcas da Xunta**, ao se ter que facer cargo de toda a cotización ao RXSS. Isto provoca ano tras ano, cuns orzamentos de Educación que medran por debaixo do IPC e no que non aumenta o total de profesorado, **unha redución de fondos destinados a contratar máis docentes**, derivando unha parte das contas ao pagamento desas cotizacións. Se a isto lle sumamos a pésima xestión de persoal da Consellaría asistimos a modificacións orzamentarias para facer fronte ás cotizacións ao non estimar correctamente a

repercusión nas contas educativas do relevo de docentes de clases pasivas polo réxime xeral. **Tan só desde 2022, a Xunta tivo que inxectar 84 millóns de euros para corrixir os seus erros de cálculo.** O maior desfase nesa previsión foi o das contas do 2025, cunha inxección de 50 millóns de euros.


Isto é, a Consellaría ten unha maior carga na masa salarial derivada dos custes de cotización e repercute esa carga no propio profesorado, negando un incremento dos cadros de persoal que como sindicato demandamos, e aprobando cada ano uns orzamentos restritivos que conxelan profesorado e non apostan polo ensino público e a atención á diversidade.

Propostas da CIG-Ensino en materia de pensións no ensino público

Fronte aos pactos sindicais e as reformas que endureceron as pensións públicas, a CIG-Ensino mantén como obxectivo principal conseguir o **dereito indefinido á xubilación anticipada de todo o profesorado**, tanto de quen aínda mantén ese dereito (Clases Pasivas) como de quen xa non contan con el (RXSS).

Estas son as nosas propostas:

- **Restabelecemento do dereito á xubilación anticipada con carácter indefinido para todo o profesorado**, independentemente do réxime de cotización ou situación administrativa.
- **O profesorado que teña 60 anos de idade e 25 anos de servizo terá dereito a percibir as gratificacións que corresponda por xubilación anticipada.**
- Negociación dun **acordo coa Consellaría** para que **o profesorado que opte pola xubilación anticipada perciba unha gratificación** que, sumada á pensión que reciba, sexa equivalente ás retribucións que percibiría de estar en activo até os 65 anos.
- **Xubilación obrigatoria aos 65 anos de idade ou até acadar os anos necesarios de cotización para percibir a pensión máxima** correspondente ao seu corpo.
- **As prazas que queden vacantes como consecuencia da xubilación anticipada non serán amortizadas** e ofertaranse nas seguintes oposicións e concursos de traslados.
- **Mellora das actuais pensións.** Dereito a percibir o 100% do haber regulador con 30 anos de servizo, no horizonte de atinxir unha xubilación co 100% de todas as retribucións.



A xubilación parcial no sector público, outra farsa?

CLASIFICACIÓN ACTUAL DO PROFESORADO GALEGO DO ENSINO PÚBLICO POLO RÉXIME DE COTIZACIÓN

- **FUNCIONARIADO DE CARREIRA DE CLASES PASIVAS (RCP).** Todo aquel profesorado que ingresou nun corpo docente antes de xaneiro de 2011 e aquel de entre estes que supera un novo proceso selectivo de cambio de corpo docente. A efectos de prestacións sanitarias é mutualista obrigatorio de MUFACE.
- **FUNCIONARIADO DO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL (RXSS).** Podemos establecer dous colectivos diferentes dentro deste colectivo.
- **FUNCIONARIADO DE RÉXIME MIXTO.** O funcionariado de carreira que aprobou unha oposición a partir de xaneiro de 2011. Pertence ao RXSS a efectos de xubilación e é mutualista obrigatorio de MUFACE.
- **PROFESORADO DO RÉXIME XERAL.** O profesorado interino e substituto e un pequeno grupo de docentes aínda en activo que foron transferido no seu día á Xunta (docentes das antigas universidades laborais...). Tanto a efectos de xubilación como de asistencia sanitaria están vinculados á Seguridade Social.

A xubilación parcial (aquela que consiste en simultanear o traballo activo coa condición de pensionista) non é de aplicación para o funcionariado público. Está regulada con carácter xeral para o RXSS nunhas condicións moi empeoradas ao respecto das que había até o ano 2013. Até daquela **unha persoa podía xubilarse con 61 anos até nun 85% do seu tempo de traballo, realizando o 15% restante dun xeito agrupado ou repartido até o momento da xubilación completa**, sempre de acordo co que se acordase coa empresa (por días, por semanas, por meses). Aquelas condicións, sen estar á altura da xubilación anticipada de clases pasivas, eran favorábeis para as persoas traballadoras. **A reforma das pensións de 2013 impuxo recortes neste tipo de xubilación, tanto na idade para acceder a ela como na porcentaxe de acceso á xubilación**, entre outros.

O ano pasado o Ministerio de Función Pública anunciou unha suposta negociación para aplicar a xubilación parcial para o funcionariado, tanto do RXSS como do RCP. Desde aquel compromiso só se deu un primeiro paso, coa tramitación no Congreso da reforma da Lei da Función Pública do Estado (que non nos afecta mais claramente fixa o camiño que seguirá o Estatuto Básico que si é de aplicación para docentes). O que se sabe desa proposta é que non se moveu desde a súa presentación e que é posíbel que o Goberno renuncie a seguir con ela adiante dada a situación parlamentaria na que se atopa.

Que sabemos daquela proposta? Que non muda as condicións da reforma das pensións e queda lonxe do que é aceptábel para a CIG: **só se podería xubilar parcialmente unha persoa con 33 anos de servizo (25 se ten unha discapacidade superior ao 33%), cando falten tres anos para a súa xubilación forzosa e cunha xubilación no 1º ano entre o 20% e o 33% para pasar nos dous seguintes a ser entre o 25% e o 75%.**

Tendo en conta a parálise sobre este tema e a propia incerteza sobre a lexislatura todo parece apuntar a un engano ou un intento de facer ver que se actúa cando nada se ten feito. **A CIG defenderá unha mellora das condicións para acceder á xubilación parcial nas condicións previas aos brutais recortes de 2013, ao tempo que manterá a defensa da xubilación anticipada existente en clases pasivas como a mellor opción para o profesorado.**



Os salarios por debaixo das pensións desde 2022

As pensións públicas soben neste ano 2026 un 2,7%, cando os salarios dos e das empregadas públicas subirán o 1,5% (que poderá chegar ao 2% se a final de ano se cumpre unha maior suba do IPC). Isto é un escándalo por varios motivos:

- **Se as pensións se poden indexar ao IPC, os salarios tamén.** A suba das pensións desmonta totalmente o discurso do goberno e dos sindicatos estatais de que non se podían pactar salarios para as empregadas e empregados públicos que inclúsen unha

cláusula de revisión salarial vinculada ao IPC, como defendeu a CIG en Madrid.

- **A perda provocada pola suba salarial é froito dun pacto sindical**, asinado inicialmente por CSIF e UGT, ao que despois se sumou CCOO, o que fai máis grave a situación por contar co aval dos sindicatos españois.
- **Son cinco anos consecutivos nos que se leva producido este desfase entre pensións e salarios públicos.** Primeiro polo efecto do pacto sindical 2022-24 e agora polo efecto do pacto 2025-28.

O diferencial entre pensións e salarios de profesorado elévase nestes anos (2022 a 2026) ao 13,50%: mentres as pensións se incrementaron nun 20,30% desde 2022, os salarios do sector público quedarán cando remate o 2026 nun 13,50% (ou como moito o 14% se finalmente se incrementa a finais de ano un 0,5%).

A CIG-Enseño demanda o mesmo trato para as pensións e os salarios: vinculación ao IPC e con cláusula de revisión para corrixir posíbeis desaxustes a finais de cada ano.

Traballar máis tempo e ter unha pensión menor

No 2026 a xubilación no Réxime Xeral amplíase aos **66 anos e 10 meses para todas aquelas persoas que non teñan cotizados 38 anos e 6 meses**, manténdose o dereito á xubilación aos 65 anos só para quen supere ese mínimo de tempo cotizado.

Por outro lado, **o profesorado de Clases Pasivas mantén a xubilación anticipada a partir dos 60 anos nas mesmas condicións** que viña desfrutando desde que se anulou a gratificación extraordinaria para promovela. A maioría do persoal docente que hoxe xa representa

quen pertence ao Réxime Xeral eleva a idade media de xubilación xa que se ve na obriga de traballar máis anos, co que aumenta o seu avellentamento.

Ao tempo, neste ano 2026 mantéñense medidas incorporadas no 2025 para incentivar a prolongación da vida laboral para alén da idade ordinaria. **No sector público a idade forzosa de xubilación está nos 70 anos** (que só se pode ampliar até rematar o curso escolar), unha idade que o PSOE e o PP queren ampliar aos 72 (como figuran nas emendas á Lei da Función

Pública estatal pendente de tramitación no Congreso). O obxectivo é aumentar a idade efectiva de xubilación coa prolongación voluntaria da idade de xubilación mediante complementos de pensión e regulación da xubilación activa que buscan ampliar a nosa vida laboral ou compatibilizala cunha segunda actividade coa nosa pensión.

Así, a estratexia está clara: o pau do empeoramento das condicións para se xubilar antes da idade forzosa e a cenoria dos beneficios económicos por permanecer até os 72 anos.

Xubilación anticipada en Clases Pasivas

Suprimida a xubilación anticipada que estaba prevista na LOE para o persoal docente só permanece en vigor a xubilación anticipada para o funcionariado pertencente ao Réxime de Clases Pasivas, sempre que cumpra as seguintes condicións:

- **Ter cumpridos os 60 anos de idade.**

- **Ter un mínimo de 30 anos de servizos**, para o cal tamén contan os cotizados no Réxime Xeral da Seguridade Social (a través do cómputo recíproco). As docentes que se acollan á xubilación anticipada non terán dereito ao complemento por maternidade en vigor desde o 1 de xaneiro de 2016,

ao fixarse este complemento para as xubilacións forzosas ou por incapacidade.

- **Ter cotizados os últimos cinco anos no Réxime de Clases Pasivas** cando se computen cotizacións a outros réximes da Seguridade Social.
- **Facer a solicitude cun mínimo de 3 meses de antelación.**


Pensións 2026. Profesorado de clases pasivas

TÁBOA DE PENSIÓNS PARA PERSOAL XUBILADO DE CLASES PASIVAS					
Anos de servizo	% Haber regulador	Haber regulador Grupo A1: 52.697,06€		Haber regulador Grupo A2: 41.473,91€	
		Anual	Mes (14 pagas)	Anual	Mes (14 pagas)
15	26,92%	€ 14.186,05	€ 1.013,29	€ 11.164,78	€ 797,48
16	30,57%	€ 16.109,49	€ 1.150,68	€ 12.678,57	€ 905,61
17	34,23%	€ 18.038,20	€ 1.288,44	€ 14.196,52	€ 1.014,04
18	37,88%	€ 19.961,65	€ 1.425,83	€ 15.710,32	€ 1.122,17
19	41,54%	€ 21.890,36	€ 1.563,60	€ 17.228,26	€ 1.230,59
20	45,19%	€ 23.813,80	€ 1.700,99	€ 18.742,06	€ 1.338,72
21	48,84%	€ 25.737,24	€ 1.838,37	€ 20.255,86	€ 1.446,85
22	52,52%	€ 27.676,50	€ 1.976,89	€ 21.782,10	€ 1.555,86
23	56,15%	€ 29.589,40	€ 2.113,53	€ 23.287,60	€ 1.663,40
24	59,81%	€ 31.518,11	€ 2.251,29	€ 24.805,55	€ 1.771,82
25	63,46%	€ 33.441,55	€ 2.388,68	€ 26.319,34	€ 1.879,95
26	67,11%	€ 35.365,00	€ 2.526,07	€ 27.833,14	€ 1.988,08
27	70,77%	€ 37.293,71	€ 2.663,84	€ 29.351,09	€ 2.096,51
28	74,42%	€ 39.217,15	€ 2.801,23	€ 30.864,88	€ 2.204,63
29	78,08%	€ 41.145,86	€ 2.938,99	€ 32.382,83	€ 2.313,06
30	81,73%	€ 43.069,31	€ 3.076,38	€ 33.896,63	€ 2.421,19
31	85,38%	€ 44.992,75	€ 3.213,77	€ 35.410,42	€ 2.529,32
32	89,04%	€ 46.921,46	€ 3.351,53	€ 36.928,37	€ 2.637,74
33	92,69%	€ 48.844,90	€ 3.488,92	€ 38.442,17	€ 2.745,87
34	96,35%	€ 50.773,62	€ 3.626,69	€ 39.960,11	€ 2.854,29
35	100%	€ 52.697,06	€ 3.764,08	€ 41.473,91	€ 2.962,42

***Pensión máxima: 47.034,40 €/ano ou 3.359,60 €/mes.** Se unha persoa percibe unha ou máis pensións públicas, a suma total non pode exceder a pensión máxima anual, mais o **haber regulador** que lle correspondese terase en conta para o cálculo dunha posíbel pensión de viuvez ou orfandade. Os servizos prestados no réxime xeral computan a través do “cómputo recíproco”, mais sempre co límite da pensión máxima. No subgrupo A2 son precisos 35 anos de servizo para chegar ao tope dese subgrupo. No caso do subgrupo A1 con 32 anos cotizados quedase a 8€/mes da pensión máxima, á que se chegaría con 33 anos de servizo.

Pensións actualizadas coa suba do 2,7% aprobada no Real Decreto-Lei 16/2025.

Para calcular a pensión que corresponde en Clases Pasivas pode usarse a web SIMULA do Ministerio de Inclusión e SS



Xubilación de Clases Pasivas. Características

TIPOLOXÍAS	REQUISITOS	CARACTERÍSTICAS	OBSERVACIÓNS
VOLUNTARIA (só para o persoal que pertence ao Réxime de Clases Pasivas)	-Idade: 60 anos. -Anos de servizo efectivos ao estado: 30 como mínimo. Ter cotizado os últimos 5 anos polo Réxime de Clases Pasivas.	Cálculo por haber regulador (HR), en función dos anos de servizo acreditados. Pensión máxima do seu grupo no A1 con 33 anos e no A2 con 35.	-Xubilación inmediata (ao cumprir a idade, con solicitude con tres meses de antelación)
ORDINARIA	-Idade: 65 anos. -Anos de servizo efectivos ao estado: 15 mínimo.	Cálculo por haber regulador (HR), en función dos anos de servizo acreditados. Pensión máxima do seu grupo no A1 con 33 anos e no A2 con 35. As mulleres con un ou máis fillos ou fillas teñen dereito a un complemento de maternidade.	É xestionada de oficio pola administración se non se solicita prórroga
PRORROGADA até os 70 anos	Solicitude cunha antelación mínima de tres meses e máxima de catro meses á data na que se cumpre a idade máxima legal. A concesión renóvase anualmente.	Igual que a ordinaria. Se existe un mínimo de 15 anos cotizados recoñécese unha porcentaxe adicional por cada ano completo cotizado por riba da idade de xubilación ordinaria. A partir do 2º ano de prórroga a porcentaxe pode completarse cada 6 meses (2%). Alternativamente pode optarse por unha contía fixa a tanto alzado ou por unha combinación das anteriores.	A solicitude farase ano a ano con antelación mínima de 3 meses á data de finalización da prolongación concedida. Permítese rematar o curso escolar no que se cumpren os 70 anos.
INCAPACIDADE PERMANENTE (Total, Absoluta e Grande Invalidez)	Declaración previo informe vinculante por parte do EVI da Seguridade Social. I.P. TOTAL: para as funcións fundamentais do corpo. I.P. ABSOLUTA: para o desempeño de calquera profesión. I.P. GRANDE INVALIDEZ: precisa a asistencia doutra persoa para as actividades esenciais da vida.	Iguais que a ordinaria, computando como servizos prestados o que falte até os 65 anos (cun período de carencia de 20 anos no caso da xubilación total para ter o 100% da pensión). Con menos de 20 anos cotizados hai unha redución do 5% por cada ano (até un máximo do 25%). As mulleres con un ou máis fillos ou fillas teñen dereito a un complemento de maternidade. A IP por Grande Invalidez supón o 150% do HR (inclúe un complemento de MUFACE) e non require período de carencia.	• Pode iniciarse de oficio ou a petición do interesado. • A xubilación por IP total tributa e polo tanto ten retencións do IRPF, as outras dúas non cotizan. • A IP total é compatíbel con outro posto de traballo, coas seguintes reducións: - 25% con máis de 20 anos de servizo. - 45% con menos de 20 anos de servizo.

Exemplo de pensión neta en Clases Pasivas

Segundo os haberes reguladores de CCPP para unha persoa perceptora co máximo tipo de retención do IRPF:

Grupo	Idade	% IRPF	Pensión anual	IRPF anual	Pensión mensual	IRPF mensual	Neto mensual
A1	60 anos	24,04	€ 47.034,40	€ 11.307,07	€ 3.359,60	€ 807,65	€ 2.551,95
	65 anos	23,58	€ 47.034,40	€ 11.090,71	€ 3.359,60	€ 792,19	€ 2.567,41
A2	60 anos	22,3	€ 41.473,91	€ 9.248,68	€ 2.962,42	€ 660,62	€ 2.301,80
	65 anos	21,78	€ 41.473,91	€ 9.033,02	€ 2.962,42	€ 645,22	€ 2.317,20


* As deducións de IRPF dependen da situación de cada persoa perceptora así como da súa idade. Neste exemplo partimos do IRPF máximo para a situación familiar 3: persoas solteiras sen fillos/as ou casadas con cónxuxe con rendas superiores a 1.500 € anuais e con 60 anos de idade. Non hai máis cambios de IRPF a maior idade.

Xubilación do profesorado do Réxime Xeral da SS

A diferenza de Clases Pasivas, cunha táboa de haberes reguladores en función do subgrupo ao que se pertenza e dos anos traballados, para coñecer a xubilación que lle pode corresponder a cada persoa debe terse en conta a súa base reguladora persoal.

A partir do ano 2022, esta base reguladora é **o cociente que resulta de dividir por 350 as bases de cotización da persoa que se xubile nos 300 meses inmediatamente anteriores ao do mes previo á xubilación**. Esas bases de cotización son as contías que figuran nas nosas nóminas como C. Comúns (continxencias comúns). Desde xaneiro de 2013, o número de anos para o cómputo da pensión foise elevando progresivamente como produto da reforma das pensións pactada co sindicalismo estatal, sendo actualmente 25.

Para calcular a pensión que corresponde no Réxime Xeral pode usarse o simulador web da Seguridade Social



Idade de Xubilación no Réxime Xeral

A idade de xubilación no RXSS está vinculada co tempo de cotización, cun recorte que se veu aplicando desde 2013 e que remata no 2027. É requisito indispensable ter cotizado 38 anos e medio. Así, unha persoa pode xubilarse aos 65 anos se ten ese tempo cotizado ou poderá xubilarse en canto o complete (por exemplo poderá xubilarse aos 66 anos se completa esa cotización mínima), sendo a idade ordinaria de xubilación os 67 anos.

ANO	TEMPO COTIZADO	IDADE ESIXIDA	ANO	TEMPO COTIZADO	IDADE ESIXIDA
2026	38 anos e 6 meses	65 anos	2027	38 anos e 6 meses	65 anos
	Menos de 38 anos e 6 meses	66 anos e 10 meses		Menos de 38 anos e 6 meses	67 anos

Xubilación anticipada no Réxime Xeral

CONDICIÓN	REQUISITOS	
Idade mínima para acceder	Como máximo 2 anos de anticipo ao respecto da idade ordinaria de xubilación	
Anos de cotización	35 anos cotizados	
Pensión máxima	Non pode ser superior ao resultado de reducir un 0,50% trimestral a pensión máxima (2% anual)	
Redución da pensión en función da cotización	Menos de 38 anos e 6 meses cotizados	5,5% (1 ano) 21% (2 anos)
	Entre 38 anos e 6 meses e menos de 41 anos e 6 meses	5,25% (1 ano) 19% (2 anos)
	Entre 41 anos e 6 meses e menos de 44 anos e 6 meses	5% (1 ano) 17% (2 anos)
	44 anos e 6 meses	4,75 % (1 ano) 13% (2 anos)
Cotización na sombra	Aos únicos efectos de determinar a idade de xubilación e de aplicar a redución correspondente da pensión, compútanse os anos que median entre a idade de xubilación voluntaria e a ordinaria	

A compatibilidade das pensións

As pensións de xubilación ou retiro do Réxime Xeral da Seguridade Social e de Clases Pasivas posteriores a 2009 son incompatíbeis co desempeño dun posto de traballo ou alto cargo no sector público. Tamén se regulou que o fose co exercicio doutras actividades por conta propia ou allea que dea lugar á inclusión da persoa xubilada en calquera réxime público de Seguridade Social. A tendencia a favorecer a prolongación da vida laboral tamén fixo mudar nestes últimos anos as condicións para compatibilizar unha pensión con outra actividade por conta allea ou propia. Uns cambios que tamén afectan á terminoloxía, falándose agora de “xubilación activa” e primando que se manteña a actividade todo o tempo que se quixer. A partir de abril de 2025 (coa entrada en vigor do RDL 11/2024), o cobro dunha pensión no RCP e no RXSS é compatíbel con outra actividade por conta propia ou allea nos seguintes termos:

- Terse xubilado na idade de xubilación forzosa (65 anos) en CCPP ou cando menos un ano despois da idade ordinaria de xubilación no RXSS.
- Durante o tempo en que a persoa xubilada realice outra

actividade que implique a alta nalgún réxime de cotización percibirá as seguintes porcentaxes da pensión asignada ou da pensión pública máxima segundo corresponda, con revalorización anual, en función dos anos de “xubilación activa”:

- 1 ano: 45% da pensión - 4 anos: 80% da pensión
- 2 anos: 55% da pensión - 5 ou máis anos: 100% pensión
- 3 anos: 65% da pensión

Unha vez rematada a actividade por conta propia ou allea recupérase a pensión completa coa revalorización correspondente. Cando se trate do desempeño de actividades de creación artística pola que se perciban ingresos de propiedade intelectual, a contía da pensión compatíbel será do 100%. No caso de xubilacións por incapacidade total, realizar unha actividade distinta á que viñan realizando como persoal funcionario implica unha redución da pensión, quedando así:

- Persoal funcionario xubilado con máis de 20 anos de servizo ao Estado: mantén o 75% da pensión.
- Persoal funcionario xubilado con menos de 20 anos de servizo ao Estado: mantén o 55% da pensión.

Beneficios asimilábeis á cotización nos dous réximes

Para completar períodos de cotización teranse en conta os seguintes beneficios:

- **Cotización por parto: 112 días de cotización (14 máis por cada fillo ou filla en casos de partos múltiples)** para aquelas traballadoras que non cotizaran, gozasen ou cobrasen durante o período equivalente ao permiso de parto. Este período ten que ser certificado polo INSS e pode ser considerado para completar o período de carencia (recoñecemento de pensión forzosa se os servizos son inferiores a 15 anos ou dos 30 anos para acceder á xubilación voluntaria).
- **Cotización por coidado de fillos ou fillas.** Nos casos de xubilacións desde o 2019 calquera dos dous proxenitores teñen dereito á cotización de 270 días sempre e cando se interrompese a cotización por extinción da relación laboral ou por finalización do cobro de prestacións ou subsidios por desemprego entre os 9 meses anteriores ao nacemento (ou 3 meses previos á adopción ou acollemento) e o remate do 6º ano posterior ao

parto, co tope do tempo máximo de interrupción da cotización. Este período non é válido para completar o período de carencia mais si a efectos de completar os anos de servizo e mellorar a porcentaxe a aplicar no Haber Regulador.

- **Cotización do tempo de servizo militar, prestación social substitutoria ou Servizo Social Obrigatorio da Muller.** Para aquelas persoas que fixeron o servizo militar ou a PSS con posterioridade ao acceso á función pública compútase todo o tempo prestado. Para as persoas que a fixeron con anterioridade considéranse como servizos efectivos ao Estado o tempo de servizo militar ou PSS que exceda do período obrigatorio mínimo vixente no momento de facer a “mili”, computando no grupo E. O Tribunal Supremo recoñeceu no ano 2020 este mesmo dereito para as mulleres que se viron obrigadas a prestar o Servizo Social até o ano 1978. En todos os casos o tempo cotizado computa aos efectos de cumprir os requisitos para a xubilación, tamén na anticipada.

Outras pensións ou complementos de pensión

Pensión extraordinaria por accidente ou enfermidade en ou derivada dun acto de servizo ou por acto terrorista

No caso de incapacidades que teñan a súa orixe en accidentes ou enfermidades que teñan lugar no posto de traballo ou que se deriven dun acto de servizo o haber regulador (HR) multiplícase por dous. A persoa funcionaria ou os posíbeis beneficiarios dunha pensión en caso do seu falecemento (viuvez, orfandade...) teñen que solicitar que se incoe un expediente de investigación de causas para que se ditamine se procede ou non pensión extraordinaria. No caso de actos derivados de terrorismo a pensión pode superar o tope máximo da pensión do Estado. Para as pensións extraordinarias non se require período de carencia.

Pensión con prolongación do servizo activo

A partir de xaneiro de 2022, tras a modificación introducida na Lei 21/2021, quen siga en activo despois da idade de xubilación forzosa e teña un mínimo de carencia de 15 anos cotizados, percibirá un **complemento económico por cada ano completo de servizos efectivos ao Estado que transcorra desde que reuniu os requisitos para acceder a esta pensión**. O complemento aboarase dalgunha das tres seguintes maneiras, a decidir pola persoa no momento da xubilación e que non pode variar despois:

- Unha **porcentaxe adicional do 4%** sobre o haber regulador por cada ano de servizo entre a idade de xubilación forzosa e a efectiva. Co incremento pode superarse a pensión pública máxima mais non o tope do haber regulador do A1 (3.764,08 euros/mes para o ano 2025). Desde abril de 2025, a partir do segundo ano de prórroga, a porcentaxe adicional calcúlase cada 6 meses (2%) polo que non é necesario completar anos enteiros.
- Unha **cantidade a tanto alzado de pago único** calculada segundo una fórmula que varía en función dos anos cotizados ao cumprir a idade de xubilación forzosa: menos ou máis de 44 anos e 6 meses.
- Unha **variante mixta** das dúas anteriores (entre pago único e incremento mensual).

No caso de que non se faga unha opción expresa aplícase a suba do 4%. Na liña de promover a prolongación da vida laboral permítese desde 2025 que se poida solicitar a xubilación activa (xubilarse e ter unha actividade laboral con calquera tipo de xornada, neste caso cunha redución da pensión que vai de cobrar o 45% no 1º ano ao 100% con 5 anos ou máis de demora. A porcentaxe de incremento obtido en ningún caso ten incidencia no cálculo de pensións en favor de familiares.

Complemento para a redución da fenda de xénero

IMPORTANTE: Unha sentenza recente do T. Supremo, seguindo a doutrina do TXUE, determinou que **os homes teñen dereito ao complemento de fenda de xénero en igualdade de condicións que as mulleres**. Até o de agora a lei esixía aos pais demostrar un prexuízo na súa carreira profesional, mentres que as mulleres recibíano automaticamente. Polo tanto, calquera pai cunha pensión contributiva (incluíndo Clases Pasivas mais neste réxime só no caso de xubilación forzosa) e con un fillo ou filla ou máis pode solicitalo. A pretensión expresada polo Goberno é a de mudar en breve a Lei para que tanto a mulleres como a homes se lles aplique o mesmo criterio que até o de agora se lle aplicaba aos homes: terán que demostrar un prexuízo obxectivo na súa carreira profesional (como períodos sen cotizar ou reducións de xornada tras o nacemento). Os complementos xa recoñecidos non se perden.

Este é un complemento para as **pensións contributivas causadas a partir do 04/02/2021** que substitúe o anterior complemento de maternidade que cobraban as mulleres con 2 ou máis fillos, vixente desde 2016.

- O complemento consiste nunha **contía fixa por cada fillo ou filla (36,90€ mensuais en 14 pagas co valor de 2026) até un máximo de 4 descendentes e revalorízase anualmente co IPC. O importe non se terá en conta para a aplicación do límite máximo das pensións.**
- **Non se pode acceder a este complemento no caso de xubilación anticipada de docentes do réxime de CLASES PASIVAS. Si se pode no caso de xubilación voluntaria no réxime xeral da Seguridade Social (RXSS).** Tendo en conta as peores condicións deste último Réxime e que, de momento, as únicas xubilacións anticipadas no profesorado galego son de CC.PP., a consecuencia desta discriminación é que só accede a este complemento quen accede á xubilación ordinaria (65 ou 67 anos).
- Estará en vigor **mentres a fenda de xénero media do Estado se sitúe por riba do 5%** (actualmente a pensión media das mulleres está un 30% por baixo da dos homes).

As xubilacións por incapacidade permanente

As pensións de xubilación por incapacidade total (para as funcións propias do corpo docente) tamén sufriron nos últimos anos recortes importantes. En primeiro lugar houbo unha reforma para o persoal de Clases Pasivas no ano 2009, fixando unhas porcentaxes de redución da pensión para aquel funcionariado que non tivese acreditados no momento da xubilación 20 anos de servizos ao Estado (en calquera réxime de cotización). A porcentaxe de redución faise sobre o Haber Regulador correspondente aos anos de cotización e cóntanse os anos efectivamente traballados máis os que restan para acceder á idade de xubilación como se realmente se mantivese activa a persoa xubilada por incapacidade.

Esta redución non se aplica nas incapacidades absolutas (para calquera profesión ou oficio). Se con posterioridade ao recoñecemento da pensión por incapacidade total, e antes de cumprir a idade obrigatoria de xubilación, se produce un agravamento, pódese solicitar unha recualificación do EVI para pasar da incapacidade total á absoluta e así ter dereito ao 100% do haber regulador.

Mais o principal recorte de dereitos veu da man dos efectos da reforma das pensións de 2011 pactada polos sindicatos estatais. A integración no Réxime Xeral e a aplicación das normas deste réxime a quen é funcionariado de carreira desde xaneiro de 2011, así como ao persoal interino, implica unhas peores condicións no caso da declaración de incapacidade permanente total. **A diferenza entre unha xubilación por incapacidade permanente total pode superar o 20% no Réxime Xeral ao respecto de Clases Pasivas.**

Xubilación por incapacidade en CCPP	
Anos de servizo	Redución da pensión
15 anos ou menos	25%
Entre 16 e 17 anos	20%
Entre 17 e 18 anos	15%
Entre 18 e 19 anos	10%
Entre 19 e 20 anos	5%

Para o cálculo da pensión por incapacidade permanente total no RXSS hai que ter en conta a base reguladora (BR) de cada persoa así como a súa idade. Para persoas de até 55 anos o máximo que se percibe é o 55% da BR pasando ao 75% cando se supera esa idade e se prevé dificultade para atopar traballo fóra da actividade habitual. Pode haber opción de aumento desta pensión para casos moi concretos derivados de accidentes de traballo ou enfermidade profesional. A pensión por IPT pasa a ser de xubilación cando se cumpre a idade ordinaria sen que cambien as condicións económicas.

Cómputo de servizos prestados

Para o colectivo de docentes de Clases Pasivas existe unha fórmula que establece a equivalencia entre os servizos prestados nos distintos grupos funcionariais. Só para aquelas persoas que accederon á función pública antes de xaneiro de 1985 e se xubilen forzosamente ou por incapacidade permanente, ou ben falezan, o cálculo da pensión incluírá 10 anos do cómputo no grupo inferior como se fosen no superior. No caso de que se teñan acreditados máis de 35 anos de servizos, tómanse os 35 anos de maior haber regulador para o cálculo da pensión.

Cómputo dos servizos prestados no Réxime Xeral da Seguridade Social

Cómputo recíproco

O cómputo recíproco é unha equivalencia entre as cotizacións a outros réximes públicos de cotización, habitualmente o Réxime Xeral ou o de Autónomos/as e os prestados como persoal funcionario, en función dos grupos de cotización.

Grupo de Cotización Seg. Social	Grupo de Cotización Funcionarial	Grupo de Cotización Seg. Social	Grupo de Cotización Funcionarial
1	A1	7, 9	C2
2	A2	6, 10, 11, 12	E
3, 4, 5, 8	C1		